



Contrato de servizos  
Procedemento aberto  
Tramitación ordinaria

<i>Documento</i> CON14I1UD	<i>Expediente</i> CON/5/2020	<i>Data Creación:</i> 02-07-20 13:25
-------------------------------	---------------------------------	---

### **ACTA DA 6ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN**

**LICITACIÓN:** Revisión do Plan de Mobilidade Urbana Sostible (PMUS). Actuacións incluídas no Programa EDUSI 2017-25, cofinanciado polo Concello de Santiago e os fondos FEDER.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 165.289,26 euros máis IVE.

**PROCEDEMENTO:** Aberto.

**LUGAR, DATA E HORA:** Videoconferencia, plataforma ZOOM, 3 de marzo de 2021, ás 9 horas.

#### **ASISTENTES:**

**Presidente:** Gonzalo Muíños Sánchez, concelleiro delegado de mobilidade.

**Vogais:** Berta Rosón López, en representación da Intervención Xeral  
Iñaki Bilbao Castro, letrado da Asesoría Xurídica municipal.

**Secretario:** Román Otero Ferreiro, xefe de sección de Contratación.

A mesa de contratación procede á análise do informe valorativo final sobre os diferentes criterios de adxudicación que se recollen no prego de condicións que rexe esta licitación, informe no que se reflicten os cálculos das puntuacións parciais e totais dos distintos licitadores admitidos e que se acompaña á presente acta.

O letrado presente na mesa en representación da Asesoría Xurídica municipal, sen poñer en dúbida o contido do informe, entende que debería matizarse no relativo á valoración dos traballos da persoa delegada da proposta mellor puntuada, no senso de facer constar claramente que a súa participación en equipos técnicos que elaboraran PMMUS, a asumía en funcións de coordinación e dirección, que son as estritamente valoradas polo prego. Non estando presente o técnico redactor do informe nesta sesión, aprázase para os efectos de aclarar esta circunstancia.

Ás 9.15 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE**  
**O PRESIDENTE DA MESA**

**O SECRETARIO DA MESA**